

CÓDIGO MORSE

(Escolma)

Calculo a dose exacta de baleiro
entre o mundo e máis eu
entre eu e o abismo entre o abismo
e os medos que me afogan a gorxa

Xiringas escuras succionan a tarde
o ceo salferido das probas do crime

Anestésio os meus espasmos con codeína
e intento averiguar cantos metros de silencio
farían falta para amordazar este berro de auxilio

(O ceo envía pregarias lumínicas
en código morse)

A lategazos de dor veñen as palabras
ferir o ceo da boca
e erosionar os dentes

Por que este atropelo de ausencias
cando só unha radio avariada mide a distancia
(ó impronunciado)
o asfalto do silencio?

Por moito que estire a antena xamais chegarei
a descifrar os códigos ocultos
da túa linguaxe soterrada
baixo estratos de pel e sombra

Ás veces a vida parece un continuo diálogo de Beckett

Escenificamos farsas absurdas
entre bambalinas
ocultamos segredos no backstage

Danza desorientada e xorda
de monicreques-buxaina
—*show must go on*—
Danza epiléptica na busca
do derradeiro aplauso antes de fundirse as luces
—a catarse—

Agardando a Godot
e se nunca chega?
agardando o aplauso
e se non existe?

Por que interpretar aínda?
por que os fíos
e a máscara?

(Báixase o pano)

Ás veces penso que polas noites bailamos con lobos
e estamos soas ante o perigo.
Que o único que depara a mañá
é un almorzo con farsantes

Que o prezo das entradas subiu
e a esperanza está cada vez máis cara

—*Queres pasar un día de película?*
Chama ó 902...

O volume deste amor
mídese co índice de audiencias que asistiu
á miña declaración en directo

Os aneis de compromiso vense máis brillantes pola tele.
A sorpresa,
unha contención guionizada

Canta cota de pantalla
necesitas para crer que te quero?

Xiro a chave do descapotable

Síntome unha deusa con pernas de seda

*Non vai vento pero eu solto o pelo
e xiro sensual a cabeza*

Luxo o cigarro de vermello intenso

Acumulo conquistas no retrovisor

Seime libre, seime segura, seime magneticamente muller.

I I PAUSE

A ficción é irresistiblemente apetecible
pero cambio de soño ó cambiar de canle
fagocito roles camaleónica e (tele)dirixida

Aínda non averigüei a que olen as nubes,
mágoa que doia tanto facerse a cera
e que xa non fabriquen
descapotables rosas